

EXAME PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA SAÚDE

1. Ca colon:

1.1. Como se chaman as lesións precursoras do cancro de colon? son un tipo de pólipos “adenomas”

1.2. Como se chama a proba diagnóstica de cancro de colon? colonoscopia

1.3. Cal é a poboación diana do cribado de cancro de colon? mulleres e homes a partir dos 50 anos.

2. Ca mama:

2.1. Cal é a poboación diana do cribado de cancro de mama? mulleres de 50-74 anos.

2.2. Que significa “mastectomía profiláctica”? extirpación do peito para previr a aparición dun cancro.

2.3. En que casos estaría indicado facer unha mastectomía profiláctica? cando o cancro dunha muller está producido por unha alteración xenética e esta muller ten descendencia, é recomendable que @s fill@s se fagan as probas xenéticas. Se estas probas dan positivo, unha das opcións terapéuticas é realizar unha mastectomía profiláctica.

2.4. Cita dous cuidados/precaucións que teña que ter en conta a muller cando vaia facer unha mamografía: non botar crema nin talco nas mamas, nin desodorante.

3. Ca cérvix:

3.1. Explica a fisiopatoloxía (forma de producirse a enfermidade) do cancro de cérvix. O cancro de cérvix está producido pola infección do VPH (virus do papiloma humano) que se contrae a través de contacto sexual. Na maior parte dos casos, o propio corpo é quen de eliminar o virus (en 1 ou 2 anos), mais nos casos en que isto non sucede, e o virus persiste, provoca unha lesión no cérvix (lesións precursoras) que pode evolucionar a cancro.

3.2. Quen debe facer o diagnóstico precoz de cancro de cérvix? que tipo de proba? mulleres entre 25 e 65 anos. As mulleres entre 25-34 farán citoloxía/3 anos. As mulleres entre 35-65, farán determinación de VPH cada 5 anos.

3.3. A quen vai dirixida a vacina do VPH (no calendario vacinal do SERGAS)? nenos e nenas aos 12 anos.

3.4. Por que se escolleu esa idade para a vacina? para que a vacina estea posta antes do comezo das relacións sexuais, que é o ideal, antes de que se teña contacto co virus.

4. Cromosomopatías:

4.1. Por que é importante facer a detección precoz de cromosomopatías no 1º trimestre? porque, de darse o caso de detectarse cromosomopatía, e a muller decida

interrumpir a xestación, canto antes o faga, mellor (menos risco para a nai, por ser un procedemento máis sinxelo canto menor sexa o feto). Se pasa das 22 semanas de xestación, non estaría a tempo de interromper o embarazo.

4.2. Que opción/s existen para unha muller que lle da ALTO RISCO de ter un feto con unha cromosomopatía? facer unha proba diagnóstica invasiva (amniocentese ou biopsia corial).

5. Metabolopatías:

Enumera os pasos a seguir para realizar a recollida da mostra de sangue para o cribado de metabolopatías.

1. frotar o talón do bebé
2. limpar con alcol
3. agardar a que seque
4. realizar a punción coa lanceta
5. “ordeñar” o pe, en dirección de proximal a distal, para que saia mellor o sangue

6. impregnar os círculos do papel secante sempre pola mesma cara (que se encha o debuxo do círculo e que traspase a mancha de sangue)
7. Deixar secar
8. Poñer nome e apelidos e meter no sobre